



## RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

### **Asunto: CONVOCATORIA PLENO ORDINARIO 26.11.2020**

Visto o novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020, e que entra en vigor ó día seguinte ao da súa publicación, que dí:

*«3. En todo caso, cando concorran situacións excepcionais de forza maior, de grave risco colectivo, ou catástrofes públicas que impidan ou dificulten de maneira desproporcionada o normal funcionamento do réxime presencial das sesións dos órganos colexiados das Entidades Locais, estes poderán, apreciada a concorrencia da situación descrita polo Alcalde ou Presidente ou quen validamente lles substitúa para o efecto da convocatoria de acordo coa normativa vixente, constituírse, celebrar sesións e adoptar acordos a distancia por medios electrónicos e telemáticos, sempre que os seus membros participantes se atopen en territorio español e quede acreditada a súa identidade. Así mesmo, deberase asegurar a comunicación entre eles en tempo real durante a sesión, dispoñéndose os medios necesarios para garantir o carácter público ou secreto das mesmas segundo proceda legalmente en cada caso. Para os efectos anteriores, considéranse medios electrónicos válidos as audioconferencias, videoconferencias, ou outros sistemas tecnolóxicos ou audiovisuais que garantan adecuadamente a seguridade tecnolóxica, a efectiva participación política dos seus membros, a validez do debate e votación dos acordos que se adopten».*

Visto canto antecede e no uso das facultades que me están conferidas ao abeiro do establecido no artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local, **RESOLVO:**

**Primeiro.- CONVOCAR sesión ordinaria** que realizará **O CONCELLO PLENO** na Casa Consistorial, o vindeiro **28 de xaneiro de 2021 ás 20:00 horas**, por medios telemáticos (videoconferencia). De non poderse levar a cabo a sesión en primeira convocatoria, de conformidade co establecido na normativa vixente terá lugar en segunda convocatoria corenta e oito horas despois.

Non obstante, aqueles concelleiros que non dispoñan ou non poidan realizar a videoconferencia, poderán asistir de maneira presencial acudindo ao salón de Plenos, debendo comunicar dita circunstancia a esta Alcaldía coa finalidade de garantir o desenvolvemento da sesión observando en todo momento as pertinentes medidas de seguridade e sanitarias.

**Segundo.-** Que polo Secretario accidental se cite a todos os concelleiros para a devandita sesión manifestándolles que a partir desta data teñen o seu dispor na Secretaría municipal os antecedentes e expedientes relacionados cos asuntos que figuran na Orde do Día inserido a continuación deste Decreto. Non obstante, ante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, remitiráselles a todos os concelleiros, mediante correo electrónico, a documentación relacionada cos asuntos que figuran na orde do día.

**Terceiro.-** Incluír na Orde do Día da devandita sesión os seguintes asuntos:

### ORDE DO DÍA

- 1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DE 13.11.2020 E 26.11.2020.**
- 2. REX 1-2021: FRAS SUMINISTRO ELECTRICO.**
- 3. RATIFICACIÓN PLENARIA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 680/2020 DE 10.12.2020 DE ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A XUNTA E A FEGAMP PARA A COLABORACIÓN NA TRAMITACIÓN DOS PROCEDIMENTOS SANCIONADORES COMPETENCIA DOS CONCELLOS DE GALICIA RELATIVAS AO INCUMPRIMENTO DAS MEDIDAS DE PREVENCIÓN PARA A LOITA CONTRA O COVID-19.**

**4. MOCIÓN PARA A CRACIÓN DUN FONDO EXTRAORDINARIO NOS ORZAMENTOS DA XUNTA DE GALICIA 2021 DESTINADOS Á LOITA CONTRA A PANDEMIA DA COVID-19.**

**5. DAR CONTA DO INFORME MOROSIDADE 4º TRIMESTRE 2020.**

**6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA ADOPTADAS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA.**

**7. MOCIÓNS DE URXENCIA.**

**8. ROGOS E PREGUNTAS**

En Cedeira, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde, Pablo Diego Moreda Gil.